



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



AXENDA
2030

Expediente núm.: 417/2022

Procedemento: Selección e contratación de CS
ADMINISTRACION E FINANZAS

PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE UN CONTRATO FORMATIVO PARA ADQUIRIR PRACTICA PROFESIONAL DE 2 PERSOAS CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

O Concello de Vila de Cruces recibiu subvención da Deputación de Pontevedra, para a contratación de dúas persoas co nivel de estudos **CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS** que poida ser contratada cun contrato formativo segundo a normativa laboral vixente, por medio do Programa de Fomento da Empregabilidade na Provincia de Pontevedra “Primeira Experiencia Profesional” nos Concellos da provincia de Pontevedra 2022 - 2023”.

A contratación será de carácter laboral e temporal (na modalidade de contrato formativo para adquirir unha práctica profesional axeitada aos correspondente nivel de estudos), a xornada completa, por un período de 12 meses.

O sistema de selección será o de concurso, cunha fase de valoración de méritos.

As bases de selección están expostas ao público nas oficinas da Casa Consistorial do Concello, e máis na páxina WEB oficial do Concello de Vila de Cruces na sede electrónica, con dirección electrónica www.viladecruces.es durante o prazo que perdure o procedemento motivo das mesmas.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e o taboleiro de anuncios da páxina WEB oficial do Concello serán os principais medios para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492